



# DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XV

Mércores, 11 de setembro de 1996

Nº 178

P.V.P. 170 ptas. (IVE incluído)

## SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
<b>III. OUTRAS DISPOSICIÓNS</b>		<b>IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS</b>	
<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>		<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
— Orde do 26 de agosto de 1996, das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, pola que se modifican as relacións de postos de traballo das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.	8.319	— Resolución do 6 de setembro de 1996, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se inclúe a María Victoria Monteiro Ucha na relación definitiva de admitidos no concurso L-01-96, que figura no anexo da Resolución do 22 de agosto de 1996 (DOG nº 166, do 26 de agosto).	8.335
— Resolución do 3 de setembro de 1996 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de xullo de 1996, polo que se aproba a relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.	8.319	<b>CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS</b>	
		— Orde do 19 agosto de 1996 pola que se outorgan nomeamentos de notarios para as notarías vacantes que se citan (Santiago de Compostela e Ribeira).	8.335
<b>CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>			
— Orde do 3 de setembro de 1996 pola que se aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador.	8.320	<b>VI. ANUNCIOS</b>	
		<b>a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA</b>	
<b>CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS</b>		<b>CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO</b>	
— Orde do 30 de xullo de 1996 sobre delegación de competencias en materia de casinos, xogos e apostas no director xeral de Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.	8.334	— Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 265/1996 A.T.).	8.336

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
— Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 272/1996 A.T.).	8.336	— Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 273/1996 A.T.).	8.337
— Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 263/1996 A.T.).	8.336	— Resolución do 5 de agosto de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 171/1996 A.T.).	8.338
— Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 264/1996 A.T.).	8.337	— Resolución do 28 de agosto de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a solicitude de declaración de necesidade e urxente ocupación e imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica para a execución dos proxectos que se citan. (Expediente 125 e 126/1995 A.T.).	8.338
— Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 266/1996 A.T.).	8.337		

**b) DA ADMINISTRACIÓN  
LOCAL**

**CONCELLO DE VIGO**

— Aprobación inicial do estudio de detalle na rúa Tomás A. Alonso, 16.	8.340
--	-------



**DIARIO OFICIAL  
DE GALICIA**

**EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

**Secretaría Xeral da  
Consellería da Presidencia  
e Administración Pública**  
Edificio San Caetano  
Teléfonos 544268 – 544270  
Fax 544272 – 544273  
Santiago de Compostela  
ISSN 1.130–9229  
Depósito Legal C. 73–1982  
**IMPRIME**  
**La Voz de Galicia, S.A.**  
C/. Concepción Arenal, 11–13  
A Coruña

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Orde do 26 de agosto de 1996, das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, pola que se modifican as relacións de postos de traballo das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.*

As propostas de modificación das súas respectivas relacións de postos de traballo realizadas polas consellerías da Presidencia e Administración Pública e Pesca, Marisqueo e Acuicultura, fan necesario modificar parcialmente as relacións de postos de traballo das citadas consellerías.

En consecuencia, por proposta das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, oídas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación e a Comisión de Persoal.

**DISPOÑEMOS:**

Artigo único.-Modifica-la relación de postos de traballo da Administración da Xunta de Galicia nos termos que se sinalan nos anexos I e II da presente orden.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 1996.

Dositeo Rodríguez Rodríguez	José Antonio Orza Fernández
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública	Conselleiro de Economía e Facenda

**ANEXO I**

Na relación de postos de traballo da Consellería da Presidencia e Administración Pública (no DOG nº 272, do 27 de novembro de 1995) prodúcense as seguintes modificacións:

\* Na páxina 8.678, no centro de destino «DELEGADO PROVINCIAL A CORUÑA (PROTECCIÓN CIVIL)», o posto con código «PR.P29.10.000.15001.002», na columna Titulación académica onde di «3019» debe dicir «3800».

\* Na páxina 8.679, no centro de destino «DELEGADO PROVINCIAL DE LUGO (PROTECCIÓN CIVIL)», o posto con código «PR.P29.10.000.27001.003», na columna Titulación académica onde di «3019» debe dicir «3800».

\* Na páxina 8.679, no centro de destino «DELEGADO PROVINCIAL DE OURENSE (PROTECCIÓN CIVIL)», no posto con código «PR.P29.10.000.32001.002», na columna Titulación académica onde di «3019» debe dicir «3800».

\* Na páxina 8.679, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA (PROTECCIÓN CIVIL)», o posto con código «PR.P29.10.000.36001.102», na columna Titulación académica onde di «3019» debe dicir «3800».

**ANEXO II**

Na relación de postos de traballo da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, (no DOG nº 227, do 27 de novembro de 1995), prodúcense as seguintes modificacións:

Na páxina 8.967, no centro de destino «DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PESQUEIRA E INVESTIGACIÓN» suprímese o posto con código «PE.C05.00.000.15770.000. XEFE DE GRUPO».

En la páxina 8.967, no centro de destino «DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PESQUEIRA E INVESTIGACIÓN» créase o seguinte posto de traballo:

Código do posto: PE.C05.00.000.15770.025.

Denominación: xefe de negociado de titulación. Vacante: no.

Nivel: 18.

Complemento específico: 524.508.

Tipo posto: N.

Forma Prov.: C.

Gr.: BCD.

Corpo/escala: xeral.

Na páxina 8.981, no centro de destino «ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA FERROL», o posto con código «PE.C99.40.301.15350.055», na columna Observacións debe dicir: «6 HORAS SEMANAIS».

En la páxina 8.981, en el centro de destino «CENTRO CULTIVOS MARIÑOS (RIBADEO)», o posto con código «PE.C99.40.201.27500.030», na columna Observacións debe dicir: «6 HORAS SEMANAIS».

*Resolución do 3 de setembro de 1996 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de xullo de 1996, polo que se aproba a relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 26 de xullo de 1996, por proposta do Consello Consultivo de Galicia, de acordo co artigo 23 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Xunta de Galicia e logo do informe da Comisión de Persoal, adoptou o seguinte,

**ACORDO:**

Aproba-la relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 1996.

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

## Relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia

## Persoal funcionario

Código do posto	Denominación	Vac.	Niv.	Complem. específico	Tipo posto	Forma prov.	Gr.	Corpo/escala	Titulación académica	Formación específica	Observac.
001	Letrado-Secretario xeral	Si	30	3.439.700	S	LD(1)	A	(3)			
002	Letrado	Si	30	2.721.120	S	LD(2)	A	(2)			
003	Letrado	Si	30	2.721.120	S	LD(2)	A	(2)			
004	Arquivador-Bibliotecario	Si	26	1.311.288	N	C	A	Especial		956-960	
005	Xefe Sección Habilitación	Si	25	1.147.368	S	LD	ABC	Xeral			
006	Secretario/a Presidente	Si	20	590.076	N	LD	BCD	Xeral		001	
007	Secretario/a Letrado-Secretario xeral	Si	18	524.508	N	LD	BCD	Xeral		001	
008	Auxiliar	Si	12	426.156	N	C	D	Xeral			
009	Auxiliar	Si	12	426.156	N	C	D	Xeral			
010	Subalerno	Si	10	393.396	N	C	E	Xeral			
011	Subalerno	Si	10	393.396	N	C	E	Xeral			

(1) Segundo artigos 21 e 22 da Lei 9/1995 (DOG nº 229, do 29-11-1995)

(2) Segundo artigo 22 da Lei 9/1995 (DOG nº 229, do 29-11-1995)

(3) Segundo artigos 21.3º e 22 da Lei 9/1995 (DOG nº 229, do 29-11-1995)

## -Formacións específicas

001.-Mecanografía.

956.-Facultativo sección bibliotecas (requisito indispensable).

960.-Facultativo sección arquivos (requisito indispensable)

## Persoal laboral

Código do posto	Denominación	Vac.	Form. prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Plus de convenio	Observac.
021	Conductor 1ª	Si	C	III	63			745.200	Disponibilidade horaria
022	Conductor 2ª	Si	C	III	63			745.200	Disponibilidade horaria

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**

*Orde do 3 de setembro de 1996 pola que se aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador.*

Por Orde do 30 de maio de 1995, a Consellería de Agrícola, Gandería e Montes recoñeceu a Denominación de Orixe Ribeira Sacra para os viños producidos nesta comarca vintivínicola e nomeou o seu Consello Regulador Provisional.

Entre as funcións asignadas a este consello figuraba a redacción do proxecto de regulamento particular da denominación, que elevaría á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa aprobación.

En consecuencia, unha vez cumprida a devandita obriga, e de acordo co disposto no artigo 30.I.3 e 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente.,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Recoñécese con carácter definitivo a Denominación de Orixe Ribeira Sacra, e apróbase o seu regulamento co texto articulado que figura como anexo á presente orde.

*Disposición transitoria*

O Consello Regulador Provisional da Denominación de Orixe Ribeira Sacra asumirá a totalidade das funcións que lle corresponden segundo o capítulo VII do seu regulamento; continuarán os seus

compoñentes nos seus cargos respectivos ata que o devandito consello regulador quede constituído de acordo co establecido no artigo 31 do mencionado regulamento.

### *Disposicións derradeiras*

Primeira. Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias para dicta-las noras para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda. A presente orde entará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 1996.

Tomás Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

Regulamento da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

### Capítulo I

#### Disposicións xerais

#### Artigo 1º

De acordo co disposto na Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcois, e no seu regulamento aprobado polo Decreto 835/1972, do 23 de marzo, así como no Real decreto 157/1988, do 22 de febreiro, modificado polo Real decreto 1906/1995, do 24 de novembro, polos que se establece a normativa a que deben axustarse as denominacións de orixe e as denominacións de orixe cualificadas de viños e os seus respectivos regulamentos, e o regulamento CEE 823/1987, do 16 de marzo, sobre os viños de calidade producidos en rexións determinadas, quedan protexidos coa Denominación de Orixe Ribeira Sacra os viños que, verificando as características definidas neste regulamento, cumpran na súa produción, elaboración e comercialización tódolos requisitos esixidos nel e na lexislación vixente que lles afecte.

Para a aplicación da normativa anterior terase en conta o que establece o Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, de transferencia de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de denominacións de orixe, viticultura e enoloxía.

#### Artigo 2º

1. A protección outorgada por esta denominación de orixe esténdese á mención Ribeira Sacra e ós nomes das subzonas, termos municipais e parroquias que compoñen as zonas de produción, de acordo co disposto nos artigos 81 e seguintes da Lei 25/1970 e demais lexislación aplicable. Así mesmo, a dita protección esténdese tanto ás expresións en galego como en castelán das mencións xeográficas citadas.

2. Queda prohibido o emprego, noutros viños non amparados pola denominación, de nomes, marcas, termos, mencións e signos que pola súa similitude fonética ou gráfica cos protexidos poidan inducir a confusión cos que son obxecto desta regulamentación, aínda no caso de que vaian precedidos dos termos «tipo», «estilo», «embotellado» en, con adega en ou outros semellantes.

#### Artigo 3º

A defensa da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, a aplicación do seu regulamento, a vixilancia do cumprimento deste, así como o fomento e control da calidade dos viños amparados, quedan encomendados ó Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia e ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas respectivas competencias.

### Capítulo II

#### Da produción

#### Artigo 4º

1. A zona de produción dos viños protexidos pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra está constituída polos terreos que o Consello Regulador considere aptos para a produción de uva das variedades que se indican no artigo 5, coa calidade necesaria para obter viños das características específicas dos amparados pola denominación, e sempre que se atopen situados nos termos municipais e lugares que compoñen as subzonas seguintes:

a) Subzona de Amandi: abarca as parroquias que se citan dos seguintes municipios:

–Municipio de Sober: Doade, Amandi, Lobios, Pinol, Santiorxo, Barantes, Bolmente, Anllo (San Martiño) e Anllo (Santo Estevo).

–Municipio de Monforte de Lemos: Marcelle.

b) Subzona de Chantada: abarca as parroquias que se citan dos seguintes municipios:

–Municipio de Carballedo: Erbedeiro, Chouzán, San Xoán de Cova, Oleiros e Temes.

–Municipio de Chantada: Pedrafita, Pesqueiras, San Fiz de Asma, Belesar, San Pedro de Líncora, Camporramiro, Santiago de Arriba, A Sariña, Nogueira e Sabadelle.

–Municipio de Taboada: Sobrecedo, Castelo, As Insuas e Xián.

–Municipio de A Peroxa: San Xes, Graíces, Carraçado, Celaguantes, Beacán e Os Peares.

c) Subzona de Quiroga–Bibeí: abarca as parroquias que se citan dos seguintes municipios:

–Municipio de Quiroga: Quinta do Lor, Nocedo, Quiroga (San Martiño), A Ermida, Hospital, Fisteus, Sequeiros, Bendollo, Bendillo, Montefurado, Vilañuíde e o lugar de Covas da parroquia de Augas-mestas.

–Municipio de Ribas de Sil: Nogueira, Peites, Piñeira, Rairos, San Clodio de Ribas de Sil, Soutordei e Torbeo.

–Municipio da Pobra do Brollón: Vilachá.

–Municipio de Monforte de Lemos: Rozabales.

–Municipio de Manzaneda: Cesuris, Raigada, San Miguel de Vidueira, Soutipedre e Manzaneda.

–Municipio da Pobra de Trives: Barrio, Mendolla, Piñeiro e Sobrado.

d) Subzona de Ribeiras do Miño: abarca as parroquias que se citan dos seguintes municipios:

–Municipio do Saviñao: Segán, Ribas de Miño (San Vitorio), Rebordaos, Ribas de Miño (Santo Estevo), Diomondi, Mourelas, Rosende e A Cova.

–Municipio de Pantón: Ribeiras do Miño, Vilar de Ortelle, Atán, Pombeiro, Acedre, Espasantes, Frontón, Sios, Santiago de Cangas e o lugar de Monteiros da parroquia de Pantón.

–Municipio de Sober: Rosende.

e) Subzona de Ribeiras de Sil: abarca as parroquias que se citan dos municipios seguintes:

–Municipio de Parada de Sil: San Lourenzo de Barxacoba, Sacardebois, Parada de Sil e Chandrexa.

–Municipio da Teixeira: Cristosende, Lumearas e A Abeleda.

–Municipio de Castro Caldelas: Alais, Paradela, San Paio de Abeleda e Santa Tegra de Abeleda.

–Municipio de Nogueira de Ramuín: Viñoas e Carballeira.

2. A calificación dos terreos para os efectos da súa inclusión na zona de produción efectuaráase o Consello Regulador e deberán quedar delimitados na correspondente documentación cartográfica.

3. Para que os viños amparados podan levar no etiquetado o nome dunha das subzonas definidas neste regulamento será requisito necesario que a materia prima proceda integramente dela e que a elaboración se realice no seu interior.

#### Artigo 5º

1. A elaboración dos viños protexidos realizarase exclusivamente coa uva das seguintes variedades:

a) Preferentes:

Branca: Loureira, Treixadura, Godello, Dona Branca, Albariño e Torrontés.

Tintas: Mencía, Brancellao e Merenzao.

b) Autorizadas:

Branca: Palomino.

Tintas: Mouratón ou Negreda e Garnacha Tintoreira.

2. As variedades autorizadas poderán empregarse na elaboración de viños protexidos, de forma transitoria, durante un período de cinco anos, contados

a partir da data de publicación deste regulamento no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O Consello Regulador poderá propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia que se autoricen novas variedades, logo dos ensaios e experiencias convenientes e comprobado que producen mostos de calidade aptos para a elaboración de viños protexidos, determinándose en cada caso a súa inclusión como preferente ou como autorizada.

#### Artigo 6º

1. As prácticas culturais serán fundamentalmente as tradicionais na zona delimitada anteriormente, e que en xeral tendan a optimizar a calidade das producións.

2. A densidade de plantación estará comprendida obrigatoriamente entre un mínimo de mil cincocentas cepas por hectárea e un máximo de catro mil cepas por hectárea.

3. Os sistemas de poda serán os seguintes:

a) O tradicional sistema de vaso e as súas variantes, cunha carga máxima de 12 xemas productivas por cepa.

b) Poderase efectuar a poda en espaleira ou conducida, axustándose ás seguintes prescricións:

–Guyot simple, cunha carga máxima de doce xemas productivas por cepa.

–Guyot dobre, cunha carga máxima de quince xemas productivas por cepa.

–Dobre cordón, cunha carga máxima de dezaoito xemas productivas por cepa.

c) En todo caso, para a variedade Albariño, a carga máxima será de corenta xemas productivas por cepa.

4. De acordo coa densidade do viñado e coas cargas máximas de xemas productivas por cepa, en ningún caso, nos anteriores sistemas de poda poderá superarse o límite máximo de sesenta mil xemas por hectárea, salvo a excepción establecida para a variedade Albariño, que será de oitenta mil xemas por hectárea como densidade máxima.

5. Non obstante o anterior, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia poderá autorizar, a proposta do Consello Regulador, a aplicación de novas prácticas de cultivo, tratamentos ou labores que, constituíndo un avance das técnicas vitícolas, cumpran coa lexislación vixente e non afecten desfavorablemente á calidade da uva ou do viño producido.

6. As disposicións precedentes axustaranse ós límites máximos de produción establecidos no artigo 8º deste regulamento.

#### Artigo 7º

1. A vendima realizarase co maior esmero, e para a elaboración dos viños protexidos dedicarase

exclusivamente uvas sas e co grao de madurez necesario.

A recollida e transporte das uvas, alomenos as destinadas a viños monovarietais, realizarase en caixas de vendima autorizadas polo Consello Regulador.

2. A graduación alcólica natural mínima das partidas de uva será a seguinte:

–Para os viños monovarietais: once graos.

–Para o resto dos viños, tanto tintos como brancos: dez graos.

3. O Consello Regulador poderá determinar en cada campaña a data de iniciación da vendima e acordar normas sobre o transporte da uva, para que este se realice sen deteriora-la súa calidade e se eviten fermentacións espontáneas.

#### Artigo 8º

1. As producións máximas admitidas por hectárea serán as seguintes:

a) Nove mil cincocentos quilos de uva por hectárea, para as variedades tintas preferentes.

b) Dez mil cincocentos quilos de uva por hectárea, para as variedades brancas preferentes.

c) Once mil quilos de uva por hectárea, para as variedades autorizadas.

Estes límites poderán modificarse en determinadas campañas polo Consello Regulador, por iniciativa propia ou por petición dos viticultores da parroquia ou parroquias interesados na medida, efectuada con anterioridade á vendimia, logo dos asesoramentos e comprobacións que se precisen.

Esta modificación, no caso de producirse, non poderá ser superior ó 25% dos límites establecidos.

2. A uva procedente de parcelas con rendimentos superiores ó límite establecido non poderá ser utilizada na elaboración de viños protexidos por esta denominación. O Consello Regulador deberá adoptar as medidas necesarias para aseguralo cumprimento deste precepto.

#### Artigo 9º

1. Para a autorización polo órgano competente de novas plantacións, substitucións e replantacións de viñedos situados dentro da zona de produción da denominación será preceptivo o informe do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

2. Non se admitirá a inscrición no rexistro de viñas do Consello Regulador de plantacións que conteñan algunha variedade distinta das recollidas no artigo 5º deste regulamento.

3. As uvas procedentes de parcelas nas que existan varias variedades das recollidas no artigo 5º deste regulamento, só poderán destinarse á elaboración dos viños brancos ou tintos monovarietais que vaian ser protexidos pola denominación se a absoluta separación de variedades é posible na vendima.

4. O Consello Regulador promoverá a reconversión das plantacións mixtas, favorecendo a substitución das variedades autorizadas por variedades preferentes.

### Capítulo III Da elaboración

#### Artigo 10º

1. As técnicas empregadas na manipulación da uva, do mosto e do viño, no control da fermentación e no proceso de conservación tenderán a obter produtos da máxima calidade, mantendo os caracteres tradicionais dos tipos de viños amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

2. Na produción do mosto seguiranse as prácticas tradicionais aplicadas cunha moderna tecnoloxía, orientada á mellora da calidade do produto final. Aplicaranse presións axeitadas para a extracción do mosto e do viño, e a súa separación do bagazo, de maneira que o rendimento non sexa superior a sesenta e cinco litros de mosto ou viño por cada cen kilogramos de uva nas variedades preferentes, e de setenta litros de mosto ou viño por cada cen kilogramos de uva nas variedades autorizadas.

Os límites fixados neste artigo poderán ser modificados excepcionalmente en determinadas campañas polo Consello Regulador, por propia iniciativa ou por petición dos elaboradores inscritos, logo dos informes técnicos e comprobacións necesarios, sen contradicilas limitacións establecidas no artigo 8.1º do Real decreto 157/1988, do 22 de febreiro.

3. As fraccións de mosto ou viño obtidas por presións non axeitadas non poderán, en ningún caso, ser destinadas á elaboración de viños protexidos.

4. En particular, prohíbese, para a elaboración de viños protexidos pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra, a utilización de prensas coñecidas como «continuas», nas que a presión é exercida por un parafuso de Arquímedes no seu avance sobre un contrapeso.

5. Para a extracción do mosto só poderán utilizarse sistemas mecánicos que non danen ou dislaceren os compoñentes sólidos do acio; queda prohibido o emprego de máquinas estrulladoras de acción centrífuga de alta velocidade.

6. Na elaboración dos viños protexidos non se poderán utilizar prácticas de prequentamento da uva, ou quentamento dos mostos ou dos viños en presenza dos bagazos, tendentes a forzar a extracción de materia colorante.

### Capítulo IV Cualificación e características dos viños

#### Artigo 11º

1. Tódolos viños elaborados nas adegas inscritas, para poder facer uso da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, deberán superar un proceso de cualificación de acordo co disposto no Regulamento

(CEE) 823/1987, do Consello, do 16 de marzo, polo que se establecen disposicións específicas relativas ós viños de calidade producidos en rexións determinadas, no Real decreto 157/1988, do 22 de febreiro, polo que se establece a normativa a que deben axustarse as denominacións de orixe e as denominacións de orixe cualificadas de viños e os seus respectivos regulamentos, e na orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, do 9 de abril de 1996, pola que se establecen as normas relativas ó proceso de cualificación que deben superar os viños con dereito a denominación de orixe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O proceso de cualificación efectuarase por cada partida ou lote homoxéneo e deberá ser realizado polo Consello Regulador de acordo co disposto no artigo 37º deste regulamento.

Constará dun exame analítico e un exame organoléptico, que dará lugar á cualificación, descualificación ou emprazamento da partida.

3. Os viños cualificados deberán manter as cualidades organolépticas características deles, en especial, en canto a cor, aroma e sabor. En caso de que se detectase algunha alteración nestas características en detrimento da calidade, ou que na súa elaboración se incumprisen os preceptos deste regulamento ou os establecidos na lexislación vixente, o viño será descualificado polo Consello Regulador, o que implicará a perda do dereito ó uso da denominación para el.

Considerarase igualmente como descualificado calquera viño obtido pola mestura con outro, previamente descualificado.

4. A descualificación dos viños poderá ser realizada polo Consello Regulador en calquera fase da súa elaboración no interior da zona de produción.

A partir da iniciación do expediente de descualificación, o viño deberá permanecer en envases perfectamente identificados e rotulados, baixo o control do dito consello. Para calquera trasvase ou traslado do viño, será preciso poñelo en coñecemento do Consello Regulador, coa antelación suficiente para que poida tomar as medidas de control que coide precisas.

#### Artigo 12º

Os tipos de viño amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra e as características que deben reunir son as seguintes:

##### 1. Tipos.

a) Branco monovarietal: elaborados co 100% de uvas procedentes dunha das variedades brancas Albariño ou Godello.

b) Tinto monovarietal: elaborados co 100% de uvas procedentes da variedade tinta Mencía.

c) Outros viños: elaborados con uvas procedentes das variedades brancas para os viños brancos e das variedades tintas para os viños tintos, citadas no artigo 5º deste regulamento.

##### 2. Características analíticas.

Tipos	Grao alcol adquirido mín.(%)	Acidez volátil real máx. (g/l), en ác. acético	Acidez total mín. (g/l. tartárico)	Acidez total máx. (g/l. tartárico)	Sulfuroso libre mín. (mg/l)	Sulfuroso total máx. (mg./l)	Azucres residual máx. (g/l)
Monovarietal branco	11	0,65	4,5	7	15	140	3
Monovarietal tinto	11	0,65	4,5	6,5	15	120	3
Outros viños	10	0,70	4,5	7	15	160	4

##### 3. Características organolépticas.

Os viños amparados por esta denominación deben manter en todo momento como atributo fundamental a súa xuventude, tanto en cor como en aroma e sabor.

4. Aqueles viños que, a xuízo do Consello Regulador, non presenten as características fixadas neste artigo, non poderán ser amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

#### Capítulo V Rexistros

##### Artigo 13º

1. O Consello Regulador levará os seguintes rexistros:

a) Rexistro de viñas.

b) Rexistro de adegas de elaboración.



c) Rexistro de adegas de almacenamento.

d) Rexistro de adegas embotelladoras.

2. Para poder optar a inscribirse nos rexistros citados no párrafo anterior, será necesario que tanto as viñas como as adegas estean situadas na zona de produción definida no artigo 4º.1 deste regulamento.

3. Non obstante o disposto no apartado anterior, e tendo en conta os costumes e as dificultades orográficas da área de produción, o Consello Regulador poderá autoriza-la inscrición nos rexistros de adegas de elaboración e embotellado, das que estean situadas nos terreos de:

a) Subzona de Amandi:

–Municipio de Sober: nas parroquias de Brosmos, Bulso, Figueiroá e Proendos.

b) Subzona de Ribeiras do Miño:

–Municipio de Sober: nas parroquias de Vila Escura e Canaval.

–Municipio de Pantón: nas parroquias de Santa Mariña de Eiré, Pantón, Ferreira, Serode e Deade.

–Municipio do Saviñao: nas parroquias limítrofes coa zona de produción.

c) Subzona de Ribeiras de Sil:

–Municipio da Teixeira: nas parroquias limítrofes coa zona de produción.

–Municipio de Castro-Caldelas: nas parroquias limítrofes coa zona de produción.

4. As solicitudes de inscrición dirixiranse ó Consello Regulador, xuntando os datos, documentación e comprobantes que en cada caso sexan requiridos polas disposicións e normas vixentes, nos impresos que dispoña o Consello Regulador.

Formulada a petición, as parcelas ou adegas deberán ser inspeccionadas polo persoal técnico que designe o Consello Regulador, co fin de comproba-las súas características e se reúnen as condicións esixidas por este regulamento.

5. O Consello Regulador denegará, de forma motivada, as inscricións que non se axusten ó preceptuado neste regulamento ou ós acordos adoptados por aquel sobre condicións complementarias de carácter técnico que deban reuni-las viñas e adegas.

6. A inscrición nestes rexistros non exime ós interesados da obriga de inscribirse naquel outros que, con carácter xeral, estean establecidos na lexislación vixente, e especialmente no Rexistro de Industrias Agroalimentarias e no de Embotelladores e Envasadores, se é o caso, o que deberá acreditarse con anterioridade á inscrición nos rexistros do Consello Regulador.

#### Artigo 14º

1. No rexistro de viñas unicamente poderán inscribirse aquelas situadas na zona de produción e

que a súa uva poda ser destinada á elaboración dos viños protexidos.

2. Na inscrición figurará o nome do propietario, se é o caso, o do colono, parceiro, arrendatario ou calquera outro titular de dereito real ou persoal que o faculte para a explotación dos viñedos; o nome da viña, lugar, parroquia e termo municipal na que esta situada; colindantes e referencia catastral de cada parcela; superficie en produción, marco de plantación, variedade ou variedades, así como os seus portaenxertos, idade do viñado e cantos datos sexan necesarios para a súa correcta clasificación e localización.

3. Coa solicitude de inscrición xuntarase certificación catastral e un plano ou bosquejo detallado, segundo determine o Consello Regulador, das parcelas obxecto dela, que permitan identifica-la súa situación, e a autorización de plantación expedida polo órgano competente ou documentación equivalente.

4. O Consello Regulador entregarálles ós viticultores inscritos credencial da dita inscrición.

5. A solicitude de inscrición no rexistro de viñas é voluntaria ó do mesmo xeito que a súa correspondente baixa nel; é necesario cumprí-las obrigas pendentes co consello. Logo de producida esta, deberán transcorrer catro anos naturais antes de que o viñado en cuestión poida volver inscribirse, salvo cambio de titularidade debidamente documentada.

#### Artigo 15º

1. No rexistro de adegas de elaboración inscribíranse todas aquelas que, situadas na zona de produción, incluídas as do punto 3 do artigo 13º, vinifiquen uvas procedentes de viñas inscritas e que os seus viños poidan optar ó uso da denominación de orixe, e que cumpran tódolos requisitos que estipula este regulamento e o que acorde o Consello Regulador.

2. Na inscrición figurará a denominación ou razón social da empresa; domicilio legal dela; localidade e municipio onde estean situadas as súas instalacións; características, número, capacidade dos envases e maquinaria; sistema de elaboración e demais datos necesarios para a debida identificación e catalogación da adega; ademais da inscrición rexistral, información fiscal e nome do xerente ou responsable, no caso de sociedades.

No caso de que o empresario non sexa propietario dos locais, farase constar, acreditando documentalmente esta circunstancia e o título de uso, así como a identidade do propietario.

3. Coa solicitude de inscrición xuntarase un plano ou bosquejo acotado, a escala conveniente, onde se reflecten tódolos detalles de construción e instalacións.

#### Artigo 16º

No rexistro de adegas de almacenamento inscribíranse todas aquelas que, situadas na zona de produción, incluídas as do punto 3 do artigo 13º, se dediquen exclusivamente ó almacenamento de viños amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Na inscrición figurarán os datos ós que se fai referencia no artigo 15º.

#### Artigo 17º

No rexistro de adegas embotelladoras inscribíranse todas aquelas que, situadas na zona de produción, incluídas as do punto 3 do artigo 13º, se dediquen ó embotellado e comercialización de viño debidamente etiquetado e amparado pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Na inscrición figurarán os datos a que se refire o artigo 15º, ademais dos correspondentes á instalación e maquinaria de estabilización e embotellado, así como superficie e capacidade delas.

#### Artigo 18º

1. Para a vixencia das inscricións nos correspondentes rexistros será indispensable cumprir en todo momento cos requisitos que impón o presente capítulo, e debenrán comunicar ó Consello Regulador calquera variación que afecte ós datos subministrados na inscrición cando aquela se produza. En consecuencia, o Consello Regulador poderá suspender ou revogar as inscricións sempre que os titulares destas non se atengan a tales preceptos.

2. O Consello Regulador efectuará inspeccións periódicas para comprobar a efectividade do disposto no presente capítulo, e queda facultado para adoptar as medidas necesarias.

Se das inspeccións efectuadas se desprende que unha entidade carece de actividade ou que nos últimos tres anos non comercializou produtos amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra, poderá suspenderse provisionalmente a inscrición no rexistro correspondente, de acordo coas normas dictadas polo consello, e salvo causas de forza maior debidamente xustificadas ante este.

3. Tódalas inscricións nos diferentes rexistros de adegas serán voluntarias e renovaranse no prazo e maneira que determine o Consello Regulador.

### Capítulo VI Dereitos e obrigas

#### Artigo 19º

1. Só as persoas físicas ou xurídicas que teñan inscritos os seus viñedos ou instalacións nos rexistros indicados no artigo 13º poderán producir uvas con destino á elaboración de viños amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra; ou elaborar, almacenar ou embotellar viños que vaian ser protexidos por ela.

2. Soamente se poderá aplicar a Denominación de Orixe Ribeira Sacra ós viños procedentes de adegas inscritas nos rexistros correspondentes, producidos e elaborados conforme as normas esixidas por este regulamento e que reúnan as condicións analíticas e orgánicas que deban caracterizalos.

3. O dereito ó emprego da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, e os seus símbolos, anagramas ou logotipo, en propaganda, publicidade, documentación ou

etiquetas é exclusivo das firmas inscritas nos rexistros do Consello Regulador.

4. Toda persoa física ou xurídica inscrita nalgún dos ditos rexistros, queda obrigada ó cumprimento das disposicións deste regulamento e das normas e acordos que, dentro das súas competencias, dicten a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia e o Consello Regulador, así como a satisfacer as exaccións que lles correspondan.

#### Artigo 20º

1. As persoas físicas ou xurídicas que teñan inscritas viñas ou adegas, só poderán ter almacenadas as súas uvas, mostos e viños nos terreos ou locais declarados nos rexistros; perderán en caso contrario o dereito á denominación.

2. Nas adegas inscritas nos distintos rexistros do Consello Regulador que se recollen no artigo 13º deste regulamento non se poderá realizar a elaboración, almacenamento ou manipulación de uvas, mostos ou viños obtidos de uvas procedentes de superficies vitícolas situadas fóra da zona de produción da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

3. Non obstante o anterior, nas devanditas adegas inscritas, autorizaranse a recepción de uvas, a elaboración e o almacenamento dos viños que procedan da zona de produción, aínda cando non procedan de viñedos inscritos, sempre que estas operacións, así como a manipulación e almacenamento dos produtos obtidos, se realice de forma separada dos que opten a ser amparados pola denominación, de acordo coa normativa que estableza o Consello Regulador e baixo o seu control.

#### Artigo 21º

As marcas, símbolos, emblemas, lendas publicitarias ou calquera outro tipo de propaganda que se empregue, aplicados ós viños protexidos pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra, non poderán ser utilizados na comercialización doutros viños, ou bebidas derivadas do viño, agás nas augardentes amparadas pola Denominación específica *Orujo de Galicia*.

Excepcionalmente, cando o Consello Regulador, por petición do interesado, entenda que a aplicación destes nomes noutras bebidas derivadas do viño non poida causar prexuízo ós viños amparados, elevará a proposta sobre a súa aplicación á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

#### Artigo 22º

1. Nas etiquetas dos viños embotellados figurará sempre de forma salientada a mención «Ribeira Sacra, Denominación de Orixe» e, optativamente, o seu logotipo, ademais dos datos que con carácter xeral se determinen na lexislación aplicable.

2. As mencións no etiquetado relativas a subzonas, variedades de vide, ano de colleita e demais facultativas, axustaranse ó disposto neste regulamento e na lexislación vixente que os afecte.

3. Antes da posta en circulación de etiquetas, estas deberán ser autorizadas polo Consello Regulador, para

os efectos que se relacionen con este regulamento. Será denegada a aprobación daquelas etiquetas que por calquera causa poidan dar lugar a confusión no consumidor, así como tamén poderá ser revogada a autorización dunha xa concedida anteriormente se variasen as circunstancias da firma propietaria dela, logo de audiencia ó interesado, todo iso sen prexuízo das competencias que correspondan a outras institucións en materia de supervisión do incumprimento das normas xerais de etiquetado.

4. Tódolos envases nos que se expidan os viños con destino ó consumo irán provistos de precintas de garantía, etiquetas ou contraetiquetas numeradas, expedidas polo Consello Regulador, que deberán ser colocadas na propia adega de acordo coas normas que determine o Consello Regulador, e sempre de forma que non se permita unha segunda utilización.

5. No caso de embotellados por encargo, deberá figurar sempre o nome ou razón social do embotellador, sen que se admita para os viños protexidos por esta denominación de orixe, a súa substitución polo número de Rexistro de Embotelladores e Envasadores de Viños e Bebidas Alcólicas.

6. O Consello Regulador adoptará e rexistrará un emblema como símbolo da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, con previa aprobación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

7. Así mesmo, o Consello Regulador poderá facer obrigatorio que no exterior das adegas inscritas, e en lugar destacado, figure unha placa identificativa que reproduza o logotipo da denominación.

#### Artigo 23º

1. Toda expedición de uva, mosto, viño ou calquera outro produto da uva ou subproduto da vinificación que teña lugar entre firmas inscritas, aínda pertencentes á mesma razón social, deberá ir acompañada da documentación establecida pola normativa vixente en cada momento.

2. Alomenos, e conforme o artigo 5 do Real decreto 323/1994, do 28 de febreiro, o expedidor comunicará previamente ó Consello Regulador toda expedición, para que este faga constar obrigatoriamente a certificación de orixe no documento de acompañamento.

3. O establecido nos puntos anteriores será esixible tamén no caso de expedición de uva, mosto, viño ou calquera outro produto da uva ou subproduto da vinificación, que teña lugar dunha firma inscrita a outra non inscrita.

#### Artigo 24º

1. A elaboración e o embotellado dos viños amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra deberá ser realizado exclusivamente nas adegas inscritas autorizadas polo Consello Regulador.

2. Os viños amparados por esta denominación unicamente poden circular entre adegas inscritas e seren expedidos por estas, nos tipos de envases que non

prexudiquen a súa calidade e prestixio, previamente aprobados polo Consello Regulador.

Os envases deberán ser de vidro, das capacidades autorizadas pola Unión Europea, con exclusión expresa das botellas dun litro.

#### Artigo 25º

O Consello Regulador controlará en cada campaña as cantidades de viños amparados pola denominación que poderán ser expedidos por cada firma inscrita nos rexistros de adegas, de acordo coa produción de uva propia ou adquirida, entradas de mosto ou viños doutras firmas inscritas e existencias de campañas anteriores.

#### Artigo 26º

O Consello Regulador facilitará ás persoas físicas ou entidades inscritas no rexistro de viñas un documento ou carta de viticultor no que se exprese a superficie de viñado inscrita, con desagregación de variedades, así como a produción máxima admisible para cada campaña; poderán establecerse outros datos que se consideren necesarios, co obxecto dunha mellor identificación e control. O dito documento irá acompañado de talonario con matriz, do que o viticultor, unha vez cuberto cos datos requiridos, entregará un exemplar á adega de elaboración e/ou embotellado inscrita receptora da correspondente partida de uva, no momento da súa entrega ou acompañando o transporte, para os efectos de xustificar a súa orixe.

#### Artigo 27º

1. Para controlar a produción, elaboración e existencias, así como as calidades, tipos e canto sexa necesario para poder acreditar a calidade e a orixe dos viños, as persoas físicas ou xurídicas titulares de viñas e adegas estarán obrigadas a presentar ó Consello Regulador as seguintes declaracións:

a) Tódalas firmas inscritas no rexistro de viñas presentarán, unha vez finalizada a vendima e en todo caso antes do 30 de novembro de cada ano, declaración da colleita obtida en cada unha das parcelas de viñado inscritas, indicando o destino da uva e, en caso de venda, o nome do comprador e o seu domicilio. Se se producen distintas variedades de uva, deberá declararse a cantidade de cada unha delas. As agrupacións de viticultores poderán tramitar nun so documento a dita declaración, xuntando unha relación cos nomes, cantidades e demais datos correspondentes a cada socio.

b) Tódolos inscritos no rexistro de adegas de elaboración deberán declarar, antes do 30 de novembro de cada ano, a cantidade de mosto e viño obtido, especificando os diversos tipos que elaboren. Será obrigatorio consignar a procedencia da uva e, no caso de venda durante a campaña de vendima, o destino dos produtos que se expidan, indicando o destinatario e a cantidade. Namentres haxa existencias de produto, deberán declarar mensualmente ó Consello Regulador as saídas que se produzan.

c) Tódolos inscritos no rexistro de adegas embotelladoras presentarán, dentro dos dez primeiros días

de cada mes, unha declaración de entradas e saídas de produtos amparados durante o mes anterior, indicando a procedencia dos viños adquiridos. En todo caso distinguíranse os distintos tipos de viño.

2. As obrigas fixadas no apartado anterior non eximen ós interesados da obriga de face-las declaracións de existencias, produción e elaboración que se esixen con carácter xeral na regulamentación da Unión Europea, na Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcois, e na normativa complementaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. O Consello Regulador establecerá os medios de control axeitados para garanti-la exclusiva entrada nas adegas inscritas da produción proveniente dos viñedos inscritos.

### Capítulo VII Do consello regulador

#### Artigo 28º

1. O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra é un organismo dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, con carácter de órgano desconcentrado e con atribucións decisorias en cantas funcións se lle encomendan neste regulamento, de acordo co que determina o artigo 87 da Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcois.

2. O seu ámbito de competencia, sen prexuízo do establecido nos artigos 29 e 30, estará determinado:

a) No territorial, pola zona de produción desta denominación de orixe, definida no artigo 4º.1, e incluíndo a salvidade expresada no artigo 13º.3.

b) En razón dos produtos, polos protexidos pola denominación en calquera das súas fases de produción, elaboración, circulación e comercialización.

c) En razón das persoas, polas inscritas nos diferentes rexistros.

#### Artigo 29º

1. É misión principal do Consello Regulador aplicar os preceptos deste regulamento e velar polo seu cumprimento, para o que exercerá as funcións que se lle encomendan no ordenamento xurídico vixente, así como as que expresamente se indican no articulado deste regulamento.

2. Dende o aspecto socioeconómico de defensa dos intereses do sector, o Consello Regulador favorecerá as iniciativas para o establecemento de acordos colectivos entre viticultores e titulares de adegas inscritas nos correspondentes rexistros desta denominación.

#### Artigo 30º

O Consello Regulador poderá, se así se considerase oportuno, vixiar-lo movemento de uvas, mostos e viños non protexidos pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra que se elaboren, embotellen, comercialicen ou transiten dentro da zona de produción, informando das irregularidades detectadas á Consellería de Agri-

cultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, sen prexuízo da intervención dos organismos competentes no devandito control.

#### Artigo 31º

1. O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra estará constituído por:

a) Un presidente.

b) Un vicepresidente.

c) Cinco vocais en representación do sector vitícola.

Estes vocais serán titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do Consello Regulador, e deberán estar representados tanto os viticultores individuais como os adheridos a cooperativas e sociedades agrarias de transformación. En calquera caso, deberá existir representación das subzonas definidas neste regulamento.

d) Cinco vocais en representación do sector vinícola.

Estes vocais serán titulares de adegas inscritas nos correspondentes rexistros do Consello Regulador, e deberán estar representadas as subzonas definidas neste regulamento.

e) Dous vocais técnicos en representación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, designados por esta.

2. O presidente será nomeado, por proposta dos vocais electos, polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

O vicepresidente será designado polo conselleiro de Industria e Comercio.

O presidente e o vicepresidente pertencerán a sectores distintos.

3. Por cada un dos vocais dos sectores vitícola e vinícola do Consello Regulador designarase un suplente, elixido na mesma forma que o titular.

4. Os vocais do Consello Regulador serán renovados cada catro anos e poderán ser reelixidos.

5. En caso de cesamento dun vocal, por calquera causa legal, a súa vacante será cuberta polo substituto na forma establecida. O novo vocal permanecerá no cargo ata que se celebre a seguinte renovación do Consello Regulador.

6. O prazo para a toma de posesión dos vocais será como máximo dun mes, a partir da data da súa proclamación.

7. Causará baixa o vocal que, durante o período de vixencia do seu cargo, sexa sancionado por infraccións graves nas materias que regula este regulamento, ben persoalmente ou ben a firma á que represente. Igualmente, causará baixa por ausencia inustificada a dúas sesións consecutivas ou tres alternas no ano, ou por causar baixa nos rexistros do Consello Regulador, ou por perde-la súa vinculación co sector que o elixiu ou coa razón social á que pertenza.

## Artigo 32º

Os vocais elixidos na forma que se determina no artigo anterior deberán estar vinculados ós sectores que representan, ben directamente ou ben por seren representantes das sociedades que se dedican ás actividades aquí reguladas. Non obstante, unha mesma persoa física ou xurídica, inscrita en varios rexistros do Consello Regulador, non poderá ter neste representación dobre, unha no sector vitícola e outra no sector vinícola, nin directamente nin a través de firmas filiais ou socios dela.

## Artigo 33º

1. Ó presidente correspóndelle:

a) Representa-lo Consello Regulador. Esta representación poderá delegala de maneira expresa, nos casos en que sexa necesario.

b) Cumprir e facer cumprí-las disposicións legais e regulamentarias.

c) Administra-los ingresos e fondos do Consello Regulador e ordena-los pagamentos, de acordo coas decisións tomadas polo pleno.

d) Convocar e presidi-las sesións do Consello Regulador, sinala-la orde do día, sometendo a súa decisión os asuntos da súa competencia e executa-los acordos adoptados.

e) Organiza-lo réxime interior do Consello Regulador.

f) Propoñer ó Consello Regulador a contratación, suspensión ou renovación do seu persoal.

g) Organizar e dirixi-los servizos.

h) Informa-la Administración pública correspondente das incidencias que acontezan na produción e mercado.

i) Remitir á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia e a outros organismos interesados, aqueles acordos que, para cumprimento xeral, acorde o consello en virtude das atribucións que lle confire este regulamento e aqueles que pola súa importancia coide que deban ser coñecidos por eles.

j) Aqueloutras funcións que o consello acorde, ou que lle sexan encomendadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, consonte cos fins encomendados.

2. A duración do mandato do presidente será de catro anos e poderá ser reeleixido.

3. O presidente cesará:

a) Ó expira-lo termo do seu mandato.

b) A petición propia, unha vez aceptada a súa dimisión.

c) Por decisión da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de incoación e resolución do expediente para o efecto, por incorrer nalgunha das causas xerais de incapacidade establecidas na lexislación vixente ou por perda da confianza do pleno, manifestada en votación secreta por maioría de dous tercios dos seus membros.

d) Polas demais causas recoñecidas no ordenamento xurídico.

4. No caso de cesamento ou falecemento, o Consello Regulador, no prazo dun mes, procederá a propoñer un candidato a presidente, comunicándollo á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa designación.

5. As sesións de constitución do Consello Regulador, e aquelas nas que se estudie a elección de presidente, serán presididas por unha mesa de idade, composta polo vocal de maior idade e os dous máis xoves.

## Artigo 34º

Corresponde ó vicepresidente do Consello Regulador substituír ó presidente nos casos de ausencia, enfermidade e nos demais previstos neste regulamento.

No exercicio das súas funcións en defecto do presidente, o vicepresidente terá as mesmas competencias e obrigas daquel.

## Artigo 35º

1. O consello reunirse cando o convoque o presidente, ben por propia iniciativa, ou por petición da metade dos vocais, e será obrigatorio celebrar sesión, polo menos unha vez ó trimestre.

2. As sesións do Consello Regulador convocaranse con oito días de antelación, alomenos; deberá a citación ir acompañada da orde do día para a reunión, na que non se poderán tratar máis asuntos que os previamente sinalados.

Para a inclusión na orde do día dun asunto determinado, non incorporado polo presidente, será preciso que o soliciten alomenos tres dos vocais, con catro días de anticipación como mínimo.

En caso de necesidade, cando así o requira a urxencia do asunto a xuízo do presidente, citarase ós vocais polos medios axeitados, con vintecatro horas de anticipación como mínimo.

En todo caso, o Consello Regulador quedará validamente constituído cando estea presente a totalidade dos seus membros, e así o acorden por unanimidade.

3. Cando un titular non poida asistir notificarao ó Consello Regulador, expresando a causa da súa ausencia, para os efectos de que poida ser substituído polo seu suplente.

4. Os acordos do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, adoptaranse por maioría dos membros presentes, e para a súa validez será necesario que concorran máis da metade dos seus membros. O presidente terá voto de calidade.

5. Para resolver cuestións de trámite, ou naqueles casos nos que se coide necesario, poderá constituírse unha comisión permanente, que estará formada polo presidente e dous vocais titulares designados polo pleno do Consello Regulador, un en representación de cada sector.

Na sesión na que se acorde a constitución da devandita comisión permanente aprobaranse tamén as

misións específicas que lle competen e as funcións que exercerá.

Tódalas resolucións que tome a comisión permanente seranlle comunicadas ó pleno do consello na primeira reunión que este celebre.

O pleno do Consello Regulador poderá, así mesmo, establecer outras comisións para tratar ou resolver asuntos concretos.

#### Artigo 36º

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador contará co persoal necesario, conforme o cadro de persoal aprobado polo pleno, e que figure dotado no seu orzamento.

2. O Consello Regulador terá un secretario, designado polo propio Consello Regulador, por proposta do presidente, do que dependerá directamente, e que terá como cometidos específicos os seguintes:

a) Prepara-los traballos do consello e tramita-la execución dos seus acordos.

b) Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, cursa-las convocatorias, levanta-las actas e custodia-los libros e documentos do consello.

c) Os asuntos relativos ó réxime interior do consello, tanto de persoal como administrativos, exercendo a xefatura inmediata sobre o persoal.

d) Actuar como instructor nos expedientes sancionadores incoados polo Consello Regulador.

e) As demais funcións que lle encomende o presidente relacionadas coa preparación e instrumentación dos asuntos da competencia do Consello Regulador.

3. Para as funcións técnicas que ten encomendadas, o Consello Regulador contará cos servizos técnicos necesarios, a dirección dos cales recaerá en técnico competente designado polo consello por proposta do presidente.

4. Para os servizos de control e vixilancia, contará con vedores propios, encadrados dentro dos servizos técnicos. Estes vedores serán designados polo Consello Regulador e habilitados, logo de solicitude do Consello Regulador, pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coas seguintes funcións inspectoras:

a) Sobre os viñedos situados na zona de produción.

b) Sobre as adegas situadas na zona de produción.

c) Sobre as adegas situadas na zona fixada no artigo 13º.3.

d) Sobre a uva e os viños na zona de produción.

e) Sobre os viños protexidos en todo o territorio da Unión Europea, en colaboración coas autoridades pertinentes, dando conta das súas actuacións.

5. O Consello Regulador poderá contratar para efectuar traballos urxentes, o persoal necesario, con carácter eventual, sempre que para ese concepto se habilite a dotación orzamentaria correspondente.

6. A todo o persoal do Consello Regulador, tanto de carácter fixo como eventual, seralle de aplicación a lexislación laboral vixente.

#### Artigo 37º

1. O Consello Regulador establecerá un comité de cualificación dos viños, formado por cinco expertos, como mínimo, e un delegado do presidente do consello. Este comité terá como cometidos emitir informe de calidade dos viños que opten a ser amparados pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra, de acordo co establecido no artigo 11 deste regulamento. O devandito comité poderá contar co asesoramento dos técnicos que coide necesarios.

2. O funcionamento do comité de cualificación debe enmarcarse no fixado pola Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, do 9 de abril de 1996, pola que se establecen as normas relativas ó proceso de cualificación que deben supera-los viños con dereito a denominación de orixe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 38º

1. O financiamento das obrigas do Consello Regulador efectuarase cos seguintes recursos:

1.1. Co produto das exaccións parafiscais que se fixan no artigo 90 da Lei 25/1970, do 2 de decembro, ás que se aplicarán os tipos seguintes:

a) O 1 por 100 á exacción anual sobre plantacións.

b) O 1,5 por 100 á exacción sobre produtos amparados comercializados.

c) Por expedición de certificados ou visados de facturas, haberá que averse ó disposto en cada caso pola normativa correspondente.

d) O dobre do prezo de custo sobre as precintas ou contraetiquetas.

Os suxeitos pasivos de cada unha destas exaccións son:

\* Da a), os titulares das plantacións inscritas.

\* Da b), os titulares das adegas inscritas que expidan viño amparado por esta denominación de orixe ó mercado.

\* Da c), os titulares das adegas inscritas solicitantes de visados de facturas ou certificados.

\* Da d), os titulares das adegas inscritas solicitantes de contraetiquetas ou precintas.

1.2. As subvencións, legados, donativos e demais transmisións de bens e dereitos a título gratuito das que sexa beneficiario o Consello Regulador.

1.3. As cantidades que puidesen percibirse en concepto de indemnizacións por danos e perdas ocasionados ó Consello Regulador ou ós intereses que representa.

1.4. Os bens que constitúen o seu patrimonio e os produtos e vendas del.

2. Os tipos impositivos fixados neste artigo poderán ser variados, por proposta do Consello Regulador, pola

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, dentro dos límites sinalados no artigo 90 da Lei 25/1970, do 2 de decembro, e no seu regulamento aprobado polo Decreto 835/1972, do 23 de marzo, cando as necesidades orzamentarias do consello así o recomenden.

3. A xestión dos ingresos e gastos que figuren nos orzamentos correspóndelle ó Consello Regulador.

4. A aprobación dos orzamentos do Consello Regulador e da súa contabilidade será realizada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, de acordo coas normas establecidas por este centro e coas atribucións e funcións que lle asigne a lexislación vixente na materia.

#### Artigo 39º

1. Os acordos do Consello Regulador que non teñan carácter particular e afecten a unha pluralidade de suxeitos poderán notificarse mediante o envío de circulares ós inscritos, as cales expóranse nas oficinas do Consello Regulador. Tamén se remitirán ás casas do concello dos municipios incluídos dentro da zona de produción e ás organizacións legalmente constituídas do sector. A exposición das ditas circulares publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Contra os acordos e resolucións que adopte o Consello Regulador poderase recorrer, en todo caso, ante a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dentro do prazo dun mes contado dende a comunicación daqueles, tal como prevén os artigos 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Capítulo VIII

#### Das infraccións, sancións e procedemento

#### Artigo 40º

Tódalas actuacións que sexa preciso desenvolver en materia de expedientes sancionadores, axustaranse ás normas deste regulamento; ás da Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcois, e ó seu regulamento, aprobado polo Decreto 835/1972, do 23 de marzo; ó Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, que regula as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, en canto lles sexa de aplicación; á vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ó regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto; e a cantas disposicións xerais estean vixentes no seu momento sobre a materia.

#### Artigo 41º

1. As infraccións ó disposto neste regulamento e ós acordos do Consello Regulador serán sancionadas con apercibimento, multa, comiso da mercanca, suspensión temporal do uso da denominación de orixe ou baixa no rexistro ou rexistros dela, conforme se expresa nos artigos seguintes, sen prexuízo das san-

cións que por contravi-la lexislación xeral sobre a materia podan ser impostas.

2. As bases para a imposición de multas determinaranse:

a) Cando se teñan que impoñer en función do número de hectáreas, multiplicando a produción anual media por hectárea no quinquenio precedente na zona onde estean enclavadas polo prezo medio alcanzado na mesma zona durante o ano anterior á infracción.

b) Cando se teñan que impoñer en función do valor dos produtos ou mercadorías, de acordo co prezo medio no mes en que cometeu a infracción, se puidese determinarse a data, e noutro caso, no mes en que aquela se descubra, e sempre referido ó lugar en que se cometa a infracción.

3. Cando non resulten probados no expediente os datos de produción, prezos ou existencias, poderán ser aplicados os que resulten con carácter xeral para a denominación ou para a subzona ou municipio de que se trate, nos datos de carácter oficial ou por estimación directa.

#### Artigo 42º

As infraccións cometidas polas persoas inscritas nos rexistros da Denominación de Orixe Ribeira Sacra ó presente regulamento e ós acordos do Consello Regulador, clasifícanse en:

a) Faltas administrativas.

b) Infraccións ó establecido neste regulamento sobre produción, elaboración e características dos viños protexidos.

c) Infraccións por uso indebido da denominación de orixe ou por actos que podan causarlle prexuízo ou desprestixio.

d) Infraccións por obstrución ás tarefas inspectoras ou de control do Consello Regulador, ou os seus axentes autorizados, conforme o establecido no artigo 5º.2 do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño.

#### Artigo 43º

1. Son faltas administrativas, as inexactitudes e omisións nas declaracións, asentamentos, libros de rexistro, documentos comerciais autorizados e demais documentos de control que garantan a calidade e orixe dos produtos, e especialmente as seguintes:

a) Inexactitudes e omisións de datos e comprobantes, nos casos en que sexan precisos para a inscrición nos diferentes rexistros, sempre que non sexan determinantes para a inscrición.

b) Non comunicarlle antes dun mes ó Consello Regulador, dende o momento en que se produza, calquera variación que afecte ós datos subministrados no momento da inscrición nos rexistros.

c) Incumprimento por inexactitude ou omisións do establecido neste regulamento e nos acordos do Consello Regulador sobre declaracións de colleita, elaboración e existencias de viños.

d) Incumprimento da normativa vixente na expedición de produtos, en referencia ó citado no artigo 23 deste regulamento.

e) A falta de libros de rexistro, ou cantos outros documentos sexan obrigatorios conforme o presente regulamento.

f) As restantes infraccións ó regulamento ou ós acordos do Consello Regulador na materia a que se refire este artigo.

2. As faltas administrativas sancionaranse con apercibimento, ou con multa do 1 ó 10% da base por cada hectárea no caso de viñedos, ou do valor dos produtos afectados.

#### Artigo 44º

1. Son infraccións ó establecido neste regulamento sobre produción, elaboración e características dos viños protexidos, as seguintes:

a) O incumprimento das normas sobre prácticas de cultivo.

b) Expedir ou utilizar para a elaboración dos produtos amparados uva, mosto ou viño con rendementos superiores ós autorizados, ou previamente descualificados.

c) Empregar na elaboración de viños protexidos uva de variedades distintas das autorizadas, ou uva de variedades autorizadas en proporcións diferentes ás establecidas.

d) O incumprimento das normas de elaboración dos viños.

e) A subministración de información ou documentación falsa.

f) As restantes infraccións que se produzan contra o disposto no regulamento ou contra os acordos do Consello Regulador, na materia a que se refire este artigo.

2. Estas infraccións sancionaranse con multa do 2 ó 20% da base por cada hectárea en caso de viñedos, ou do valor dos produtos afectados. Ademais neste último caso poderá ser aplicado o comiso.

#### Artigo 45º

1. Son infraccións por uso indebido da denominación de orixe, ou por actos que poidan causarlle prexuízo ou desprestixio, as seguintes:

a) A utilización de nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia á Denominación de Orixe Ribeira Sacra ou ós nomes protexidos por ela, na comercialización doutros viños non protexidos ou doutros produtos de similar especie.

b) O uso da denominación en viños que non fosen elaborados, producidos ou embotellados de acordo coas normas establecidas pola lexislación vixente e por este regulamento ou que non reúnan as condicións analíticas e organolépticas que deban caracterizalos.

c) O uso de nomes comerciais, marcas ou etiquetas non aprobadas polo Consello Regulador.

d) As infraccións ó disposto no artigo 20 deste regulamento.

e) A indebida tenta, negociación ou utilización de documentos, precintas, etiquetas, contraetiquetas ou selos, propios da denominación.

f) A existencia de uvas, mostos ou viños en adegas inscritas, sen a preceptiva documentación que ampare a súa procedencia, ou a existencia en adega de documentación que acredite unhas existencias de uvas, mostos ou viños protexidos pola denominación sen a contrapartida destes produtos.

As existencias de viño en adega deben coincidir coas existencias declaradas documentalmente, se ben o Consello Regulador non entenderá como infracción diferencias inferiores ó 2% en máis ou en menos.

g) A expedición de viños que non correspondan ás características de calidade mencionadas nos seus medios de comercialización.

h) A expedición, circulación ou comercialización de viños amparados en tipos de envases non aprobados polo Consello Regulador.

i) A expedición, circulación ou comercialización de viños amparados pola denominación desprovistos das precintas ou contraetiquetas numeradas, ou carentes dos medios de control establecidos polo Consello Regulador.

j) Efectuarlo embotellado, precintado ou contraetiquetado de envases en locais que non sexan as adegas inscritas e autorizadas polo Consello Regulador, ou non axustarse ós acordos do consello nesta materia.

k) Falsear ou omitir nas declaracións para a inscrición nos diferentes rexistros os datos e comprobantes que en cada caso sexan precisos, sempre que sexan determinantes para a inscrición.

l) A manipulación, traslado ou disposición en calquera forma, de mercancías cautelarmente intervidas polo Consello Regulador.

ll) O impagamento das exaccións parafiscais previstas no artigo 38 por parte dos suxeitos pasivos de cada unha das ditas exaccións.

m) En xeral, calquera acto que contraveña o disposto neste regulamento ou nos acordos do Consello Regulador e que prexudique ou desprestixie a denominación, ou supoña un uso indebido dela.

2. Estas infraccións sancionaranse con multa que irá desde vinte mil pesetas ata o dobre do valor da mercancía ou produtos afectados, cando este valor supere aquela cantidade; levará aparelado o comiso do produto en cuestión.

#### Artigo 46º

1. Son infraccións por obstrución ás tarefas inspectoras ou de control do Consello Regulador as seguintes:

a) A negativa ou resistencia a subministra-los datos, facilita-la información ou a permiti-lo acceso á documentación requirida polo Consello Regulador ou os



seus axentes autorizados, para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución nas materias a que se refire este regulamento, ou ás demoras inxustificadas para facilitalos referidos datos, información ou documentación.

b) A negativa á entrada ou permanencia dos vedores do Consello Regulador nos viñedos, adegas e demais instalacións inscritas e os seus anexos.

c) A resistencia, coacción, ameaza, represalia ou calquera outra forma de presión ós vedores do Consello Regulador, así como a tentativa de exercer tales actos.

2. Estas infraccións sancionaranse de acordo co disposto no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño.

#### Artigo 47º

1. As infraccións cometidas polas persoas non inscritas nos rexistros do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, son as seguintes:

a) Uso indebido da denominación.

b) Utilización de nomes comerciais, marcas, expresións, signos e emblemas que pola súa identidade ou similitude gráfica ou fonética cos nomes protexidos pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra, ou dos signos ou emblemas característicos dela, poidan inducir a confusión sobre a natureza e o orixe dos produtos, sen prexuízo dos dereitos adquiridos que sexan debidamente recoñecidos polos organismos competentes.

c) Empregar os nomes xeográficos protexidos pola Denominación de Orixe Ribeira Sacra en etiquetas e propaganda de viños e produtos derivados, sen dereito á denominación, aínda que vaian precedidos polo termo tipo ou outros análogos.

d) Calquera acción que cause prexuízo ou desprestixio á denominación e tenda a producir confusión no consumidor respecto a ela.

2. Estas infraccións sancionaranse con multa que irá dende vinte mil pesetas ata o dobre do valor da mercancía, cando este valor supere aquela cantidade, e ademais co seu comiso.

#### Artigo 48º

Para a aplicación das sancións previstas nos artigos anteriores, teranse en conta as seguintes normas:

1. Aplicaranse no seu grao mínimo:

a) Cando se trate de simples irregularidades na observancia das regulamentacións, sen transcendencia directa para os consumidores ou que non supoñan beneficio especial para o infractor.

b) Cando se emenden os defectos no prazo sinalado para iso polo Consello Regulador.

c) Cando se probe que non existiu mala fe.

2. Aplicaranse no seu grao medio:

a) Cando se produza reiteración na negativa a facilitar información, prestar colaboración ou permiti-lo

acceso á documentación esixida por este regulamento ou polos acordos do Consello Regulador.

b) Cando a infracción teña transcendencia directa sobre os consumidores ou supoña un beneficio especial para o infractor.

c) Cando non se emenden os defectos no prazo sinalado polo Consello Regulador.

d) Cando a infracción se produza por unha actuación negligente, con inobservancia das normas de actuación expresamente acordadas polo Consello Regulador.

e) En tódolos demais casos nos que non proceda a aplicación dos graos mínimo ou máximo.

3. Aplicaranse no seu grao máximo:

a) Cando se probe manifesta mala fe.

b) Cando da infracción se deriven graves prexuízos para a denominación, os seus inscritos e/ou para os consumidores.

c) Cando se producise obstrucción ós vedores do consello na investigación da infracción.

4. Nos casos das infraccións tipificadas no apartado e) do artigo 44º.1; nos apartados a), b), d), i), j) na súa primeira parte, k), l) e ll) do artigo 45º.1; nos apartados a) na súa primeira parte, b) e c) do artigo 46º.1, poderase aplicar a suspensión temporal do uso da denominación ou sancionar coa baixa nos rexistros dela.

A suspensión do dereito ó uso da denominación levará aparellada a suspensión do dereito a obter certificados de orixe, precintas, contraetiquetas e demais documentos do Consello Regulador.

A baixa suporá a exclusión do infractor nos rexistros do consello e, como consecuencia, a perda dos dereitos inherentes á denominación.

#### Artigo 49º

Considerarase que hai reincidencia cando o infractor fose sancionado, mediante resolución firme, por unha infracción das comprendidas no presente regulamento, durante os cinco anos anteriores.

No caso de reincidencia, as multas serán superiores nun 50% ás máximas establecidas neste regulamento.

Se o reincidente cometese nova infracción as multas poderán ser elevadas ata o triple dos ditos máximos.

#### Artigo 50º

Poderase aplicar o comiso das mercadorías, como sanción única ou como accesoria doutra principal se é o caso, ou o pagamento do importe do seu valor cando o comiso non sexa factible.

#### Artigo 51º

1. O procedemento sancionador poderá iniciarse en virtude das actas levantadas polos vedores do Consello Regulador, por comunicación dalgunha autoridade ou órgano administrativo, ou por denuncia formulada polos particulares sobre algún feito ou conducta que poida ser constitutivo de infracción.

2. As actas de inspección levantaránse por triplicado e serán asinadas polo vedor e o dono ou representante do predio, establecemento ou almacén, ou encargado da custodia da mercadoría, en poder do que quedará unha copia da acta.

Ámbolos asinantes poderán consignar na acta cantos datos e manifestacións consideren convenientes para a estimación dos feitos que se consignan nela, así como de cantas incidencias ocorran no acto da inspección ou levantamento da acta.

As circunstancias consignadas polo vedor na acta consideraranse feitos probados, salvo que pola outra parte se demostre o contrario.

Se o interesado na inspección se negase a asinar a acta, o vedor farao constar así, procurando a sinatura dalgún axente da autoridade ou testemuña.

3. No caso de que se coide conveniente polo vedor ou polo dono da mercadoría ou polo representante del, tomaránse mostras do produto obxecto de inspección. Cada mostra tomarase alomenos por triplicado, en cantidade suficiente para o exame e análise dela, e precintarase e etiquetarase, quedando unha en poder do dono ou do seu representante.

4. Cando o vedor que levante a acta o coide necesario poderá dispoñer que a mercadoría, etiquetas, contraetiquetas ou outros artigos queden retidos ata que o instructor do expediente dispoña o pertinente, dentro do prazo de corenta e cinco días hábiles a partir da data de levantamento da acta de inspección.

As mercadorías retidas consideraranse como mercadorías en depósito, e non poderán polo tanto, ser trasladadas, manipuladas, ofrecidas en venda ou vendidas. No caso de que se coide procedente poderán ser precintadas.

#### Artigo 52º

1. A incoacción e instrución dos expedientes sancionadores corresponderalle ó Consello Regulador cando o infractor estea inscrito nalgún dos seus rexistros.

Nos demais casos o Consello Regulador poñerá en coñecemento dos órganos competentes da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2. Con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador, o Consello Regulador poderá realizar actuacións previas, pedindo os informes necesarios das persoas que considere convenientes, co fin de determinar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación.

3. A resolución dos expedientes incoados polo Consello Regulador corresponde ó propio consello, cando a sanción que se imporá non exceda de cincuenta mil pesetas. Se excedera desta cantidade, elevará a súa proposta á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Para os efectos de determina-la competencia a que se refire o apartado anterior adicóñase o valor do comiso ó importe da multa.

4. Nos expedientes de carácter sancionador incoados polo Consello Regulador, deberá actuar como instructor o secretario do consello e como secretario exercerá o letrado del, ou no caso de non habelo, unha persoa ó seu servizo, asegurando sempre a axeitada separación entre as fases de instrución e resolución, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. A decisión sobre o comiso definitivo dos produtos ou o destino destes corresponderalle a quen teña atribuída a facultade de resolve-lo expediente.

#### Artigo 53º

Nos casos nos que a infracción concirna ó uso indebido da denominación, o Consello Regulador, sen prexuízo das actuacións e sancións administrativas pertinentes, poderá acudir ós tribunais de xustiza, exercendo as accións civís e penais oportunas, debidamente recoñecidas pola lexislación vixente.

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Orde do 30 de xullo de 1996 sobre delegación de competencias en materia de casinos, xogos e apostas no director xeral de Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.*

Establecida a estrutura orgánica dos órganos superiores desta consellería, polo Decreto 292/1996, do 26 de xullo (DOG nº 147, do 29 de xullo), desenvolvida pola Orde do 29 de xullo deste ano, de adscrición dos órganos dependentes ós novos centros directivos xurdidos da nova estrutura e posto que se manteñen as circunstancias que deron lugar no seu día á Orde do 9 de marzo de 1994, na que se delegaban as competencias reseñadas no director xeral de Xustiza e Interior, considérase necesario recorrer á delegación das competencias atribuídas a esta consellería en materia de casinos, xogos e apostas no director xeral de Interior, sen esquece-lo debido respecto ós principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

En consecuencia, e facendo uso das facultades que me confiren os artigos 43.3º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións de xeral aplicación,

#### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Delégase no director xeral de Interior o exercicio das competencias administrativas que, en materia de casinos, xogos e apostas, teña atribuída a Con-

sellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais polas disposicións normativas correspondentes.

#### Artigo 2º

Quedan excluídos, en todo caso, os supostos previstos nos artigos 13.2º e 127.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 44.2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, así como todas aquelas que pola súa natureza fosen indelegables.

#### Artigo 3º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación contida na presente orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse dictadas pola autoridade que as conferiu, esta poderá en calquera momento, reclama-lo exercicio das ditas competencias delegadas.

#### *Disposición derogatoria*

Queda derogada a orde desta consellería do 9 de marzo de 1994, así como cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto na presente orde.

#### *Disposición derradeira*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 1996.

Jesús C. Palmou Lorenzo

Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 6 de setembro de 1996, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se inclúe a María Victoria Monteiro Ucha na relación definitiva de admitidos no concurso L-01-96, que figura no anexo da Resolución do 22 de agosto de 1996 (DOG nº 166, do 26 de agosto).*

Vista a documentación presentada, en relación co procedemento establecido para o efecto, por María Victoria Monteiro Ucha, participante no concurso L-01/96 convocado por Orde do 30 de abril de 1996 (DOG nº 88, do 6 de maio) e comprobada a súa integración no III Convenio Colectivo da Xunta de Galicia, esta dirección xeral,

#### RESOLVE:

Artigo único.-Incluír a María Victoria Monteiro Ucha na relación de admitidos publicada por Reso-

lución do 22 de agosto de 1996 desta dirección xeral pola que se elevan a definitivas as relacións de admitidos e excluídos no concurso L-01-96, e en consecuencia suprimila da relación de excluídos que figura no anexo da citada resolución.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 1996.

Joaquín López-Rúa Soler  
Director xeral da Función Pública

### CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Orde do 19 agosto de 1996 pola que se outorgan nomeamentos de notarios para as notarías vacantes que se citan (Santiago de Compostela e Ribeira).*

Visto o expediente instruído para a provisión de notarías vacantes en virtude de concurso convocado pola resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 28 de maio de 1996 (BOE do 4 de xullo), e de conformidade cos artigos 23, 88 e demais concordantes do Regulamento notarial.

Visto tamén o que dispón o artigo 26.1º do Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, os decretos da Xunta de Galicia 13/1994, do 20 de xaneiro, e 292/1996, do 26 de xullo, e demais disposicións legais autonómicas pertinentes, esta consellería, para prove-las notarías vacantes radicadas no territorio desta Comunidade Autónoma, nomea a:

-Manuel Julio Reigada Montoto, notario de Lugo, 1ª, para a notaría de Santiago de Compostela (A Coruña).

-Jaime Romero Costa, notario de Monforte de Lemos, 2ª, para a notaría de Ribeira (A Coruña).

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 1996.

Jesús C. Palmou Lorenzo  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Sr. Director Xeral de Xustiza e Administración Local

**VI. ANUNCIOS****a) DA ADMINISTRACIÓN  
AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE INDUSTRIA  
E COMERCIO**

*Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 265/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica L.M.T. Baíña-Ramil, coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde a L.M.T. Santa Comba-Baíña, rematando no C.T. existente de Ramil, concello de Agolada.

Finalidade da instalación: mellora-la subministración eléctrica na zona.

Características principais: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 7.409 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón.

Orzamento: 15.226.525 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra el as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 29 de xullo de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 272/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica L.M.T. derivación Marcelos-Cruceiro, coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde a L.M.T. campo de fútbol-Codeseda rematando no C.T. existente de Cruceiro de Arca, concello da Estrada.

Finalidade da instalación: mellora-la subministración eléctrica na zona.

Características principais: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 3.927 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón e metálicos.

Orzamento: 9.206.717 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra este as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 29 de xullo de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 263/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica L.M.T. a C.T. canteira Areal, coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde un apoio s/n da L.M.T. ó C.T. Pascual e remata no C.T. existente de canteira Areal, concello de Lalín.

Finalidade da instalación: mellora-la subministración eléctrica na zona.

Características principais: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 387 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón.

Orzamento: 1.936.170 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra este as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 29 de xullo de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 264/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica L.M.T. dobre circuíto Portonovo, coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde a torre n. 19/82 tipo C2000 da L.M.T. existente ata o apoio n.4 da L.M.T. proxectada onde se converte en subterránea e remata na L.M.T.S. existente ós CC.TT. de Portonovo e Areal, concello de Sanxenxo.

Finalidade da instalación: mellora-la subministración eléctrica na zona.

Características principais: L.M.T., aéreo-subterránea, dobre circuíto, a 20 kV, de 308 m de lonxitude o tramo aéreo, con conductor tipo LA-110, sobre apoios de formigón e metálicos, e 165 m de lonxitude o tramo subterráneo, con conductor tipo R.H.V.

Orzamento: 8.334.748 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra el as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 29 de xullo de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 266/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a infor-

mación pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica L.M.T., C.T. e R.B.T. Pena-Caeiro coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde un apoio s/n da L.M.T. ó C.T. Igrexario (Agrela) rematando no C.T. que se proxecta en Pena-Caeiro, concello de Marín.

Finalidade da instalación: mellora-la subministración eléctrica na zona.

Características principais: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 119 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón.

C.T. de 50 kVA, relación de transformación 20 kV-380/220 V.

R.B.T. de 25 m de lonxitude, con conductor tipo R.Z.

Orzamento: 2.702.309 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra este as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 29 de xullo de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de xullo de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 273/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966 e no artigo 10 do Decreto 2619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica L.M.T. Bandeira coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde o apoio n. 245 da L.M.T. A Estrada-Toxa rematando no C.T. existente en Bandeira, concello de Silleda.

Finalidade da instalación: mellora-la subministración eléctrica na zona.

Características principais: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 3.334 m de lonxitude total, sendo 1.635 m con conductor tipo LA-110 e 1.659 m con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón.

Orzamento: 9.879.156 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra estas reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 29 de xullo de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 5 de agosto de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 171/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T. e un C.T. en Carballido-Domaio, concello de Moaña, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxeción ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T. e un C.T. en Carballido-Domaio, concello de Moaña.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 5 de agosto de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 28 de agosto de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a solicitude de declaración de necesidade e urxente ocupación e imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica para a execución dos proxectos que se citan. (Expediente 125 e 126/1995 A.T.).*

En cumprimento do disposto no artigo 31 do regulamento da Lei 10/1966, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, aprobado polo Decreto 2619/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a solicitude da empresa *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio na rúa Fernando Macías, nº 2, 15004 A Coruña, a declaración da necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, así como a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica, segundo o disposto no parágrafo 1 do artigo 14 do citado regulamento, transcríbese de seguido a relación concreta e individualizada dos interesados cos que se considera cómpre a expropiación para a execución dos seguintes proxectos:

Liña eléctrica a 220 kV Tibo-Troncal a subestación de Nespereira, nos concellos de Redondela e Pazos de Borbén, autorizada e declarada de utilidade pública por resolución da Delegación Provincial de Industria do 20-9-1995, (Expte. nº 95/125 A.T.).

Liña eléctrica a 220 kV Castrelo-Troncal a subestación de Nespereira, nos concellos de Redondela e Pazos de Borbén, autorizada e declarada de utilidade pública por resolución da Delegación Provincial de Industria do 20-9-1995, (Expte. nº 95/126 A.T.).

Para os efectos do disposto no nº 3 do artigo 16 do regulamento mencionado, calquera persoa, dentro dos quince días seguintes ó da última publicación deste anuncio, que terá lugar no BOP, no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal local dos de maior circulación así como ós interesados en igual prazo, ós que se lles practica notificación individual, poderán aportar, por escrito e por triplicado, os datos oportunos para corrixir posibles erros na relación indicada, así como formula-las alegacións procedentes por razón do disposto nos artigos 25 e 26 do devandito regulamento. Para este efecto estará exposto o expediente, con proxecto da instalación, nesta dependencia, sita en Vigo, Gran Vía 76, en horas de oficina.

En todo caso os propietarios afectados poderán reclamar a través desta delegación provincial, que o petionario lles facilite os demais datos que consideren precisos para a identificación dos seus bens.

Vigo, 28 de agosto de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Relación de propietarios, bens e dereitos afectados*

Expediente nº: 95/125 A.T.

Provincia: Pontevedra

Liña 220 kV Tibo-Troncal a subestación de Nespereira

Concello: Redondela

PREDIOS

PROPIETARIOS

AFECCIÓN

Nº	Lugar	Cultivo	Nome e apelidos	Domicilio	Apoio		Voo	
					nº	m <sup>2</sup>	ml	m <sup>2</sup>
4	Os Pousos	Monte	Rosa Darriba Bouzas	Quinteiro, 144 36800-Quintela (Redondela)			10	250
5	Os Pousos	Monte	Manuela Acuña Seoane	Quinteiro, 155 36800-Quintela (Redondela)			47	185
10	Os Pousos	Monte	Gonzalo Amoedo Ipiña e irmán	R/ Alfonso XII, 3-4-1º 36818-Redondela			6	115
10	Os Pousos	Monte	José M <sup>a</sup> Amoedo Ipiña e irmán	R/ Prata, 94 36818-Redondela			6	115
11	Os Pousos	Monte	Amelia Alfaya García	R/ Xunqueira, 25-5º 36818-Redondela			10	306
18	Os Pousos	Monte	José Barciela Palmero	Igrexa, 31 36800-Quintela			4	154
20	Os Pousos	Monte	Manuel Camiña Alonso	Quinteiro, 149 36800-Quintela (Redondela)			53	1.687
21	Os Pousos	Viña	Cándido Campos Bastos	Pregal, 32 36818 Santo Estevo de Negros-Redondela			10	132
22	Os Pousos	Labor	Hros. Campos Balado Rpta. Carmen Santos Vilaboa	Santo Paio de Arriba, 93 36818-Reboreda (Redondela)			28	958
24	Os Pousos	Labor	Manuel Camiño Alonso	Quinteiro, 149 36818-Quintela (Redondela)			18	518
26	Os Pousos	Labor	Rufino Romero Suárez	San Paio de Arriba, 99 36818-Reboreda (Redondela)			3	72
32	Ferreira	Labor	Manuel Camiña Alonso	Quinteiro, 149 36818-Quintela (Redondela)			20	487
33	Ferreira	Labor	Rufino Romero Suárez	San Paio de Arriba, 99 36818-Reboreda (Redondela)			8	126
37	Ferreira	Labor	Manuel Camiño Alonso	Quinteiro, 149 36818-Quintela (Redondela)			12	337
38	Ferreira	Labor	Rosa Muíños Couñago	Canudo, 90 36818-Vilavella (Redondela)			11	268
39	Ferreiroa	Labor	Martín Rodríguez Couñago	Asnelle de Arriba, 38 36818-Reboreda (Redondela)			11	268
41	Veiga do Medio	Labor	Hros. José Couñago Balado Rpta. Delfina Bastos Muíños	San Paio de Arriba, 32 36818-Reboreda (Redondela)			12	286
46	Veiga do Medio	Labor	José Darriba Bouzas	Quinteiro, 161 36818-Quintela (Redondela)			10	308
49	Veiga do Medio	Labor	Rufino Romero Suárez	San Paio de Arriba, 99 36818-Reboreda (Redondela)			10	236
60	Pobeda	Monte	Telmo Toucedo Otero	Costeira, 12 36818-Quintela (Redondela)			6	130
61	Pobeda	Monte	Rosa Muíños Couñago	Canudo, 90 36818-Vilavella (Redondela)			7	142
62	Pobeda	Monte	José Darriba Bouzas	Quinteiro, 161 36818-Quintela (Redondela)			8	240

Nº	Lugar	Cultivo	PROPIETARIOS		AFECCIÓN			
			Nome e apelidos	Domicilio	Apoio nº	m <sup>2</sup>	Voo ml	m <sup>2</sup>
65	Pobeda	Monte	José Darriba Bouzas	Quinteiro, 161 36818-Quintela (Redondela)			10	284
72	Dichoa	Prado	Ricardo Darriba Bouzas e irmán	Quintana, 143 36818-Reboreda (Redondela)	3-3B	150	50	2.537
72	Dichoa	Prado	Luis Darriba Bouzas e irmán	Barcenal, 4 36841-Nespereira (Pazos de Borbén)	3-3B	150	50	2.537
73	Dichoa	Monte	Basilisa Molinos Míguez	Estr. de Vigo, 12 36800-Quintela (Redondela)			10	486
75	Dichoa	Monte	Telmo Toucedo Otero	Costeira, 12 36800-Quintela (Redondela)			10	400
76	Dichoa	Monte	Palmira López Carballo	Outide de Abaixo 36818-Vilavella (Redondela)			32	1.920
89	Río San	Monte	Manuel Crespo Barros	R/ Ernestina Otero, 18-5º 36800 Redondela			20	490

*Relación de propietarios, bens e dereitos afectados*

Expediente nº: 95/126 A.T.

Provincia: Pontevedra

Liña 220 kV Castrelo-Troncal subestación de Nespereira

Concello: Pazos de Borbén

Nº	Lugar	Cultivo	PROPIETARIOS		AFECCIÓN			
			Nome e apelidos	Domicilio	Apoio nº	m <sup>2</sup>	Voo ml	m <sup>2</sup>
1	Arieiro	Monte	Presidente do Veciñal de Nespereira	36841-Nespereira (Pazos de Borbén)			76	3.850

**b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**CONCELLO DE VIGO**

*Aprobación inicial do estudio de detalle na rúa Tomás A. Alonso, 16.*

A Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 2 de agosto de 1996, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente o estudio de detalle na rúa Tomás A. Alonso, 16, desta cidade, formulado pola sociedade mercantil *Cysugal, S.A.* e redactado polos arquitectos Emilio Estévez Fernández, José Luis Pereiro Alonso e Borja Ramil Méndez, con visados do COAG de datas 21 de xuño e 4 de xullo de 1996, consonte cos informes e demais documentación do expediente administrativo municipal nº 4086/411.

Segundo. Somete-lo expediente ó trámite de información pública, durante o prazo de quince días, mediante a publicación de anuncios no DOG, BOP, nun dos xornais de maior circulación da provincia e no taboleiro oficial de anuncios da casa do concello, con notificación persoal ós propietarios e restantes interesados directamente afectados.

Terceiro. Sinalar como área afectada pola suspensión de licencias de parcelación, edificación e demolición a abraguida polo seu ámbito (predio nº 16 da rúa Tomás A. Alonso).

O que se fai público para xeral coñecemento, coa indicación de que a documentación está ó dipor dos interesados na oficina municipal de Información (planta baixa da casa do concello) para exame e alegacións.

Vigo, 29 de agosto de 1996.

Manuel Pérez Álvarez  
Alcalde

